

Brétemas

Notas do traballo de edición e algunhas outras anotacións. Blog de Manuel Bragado Rodríguez. Vigo. Galicia

[Home](#) / [Search](#) / [rosaliate](#)

Search Results For "rosaliate"

Mes de Rosalía

bretemas — 7 de Febreiro de 2017 — [Deixa un comentario](#)

Dedico o artigo da semana en *Faro de Vigo* a celebración do Día de Rosalía.

Febreiro é o mes de Rosalía. A celebración do seu nacemento no Camiño Novo de Compostela o 24 de febreiro de 1837 estende cada ano a mobilización rosaliana. Máis alá das iniciativas da sociedade literaria galega, que continúa ampliando a súa actividade crítica, xentes ben diversas, dende os picariños das escolas de infantil aos maiores dos centros sociais, celebran actividades de exaltación da nosa escritora. Lecturas dos seus poemas, recitais, concertos, conferencias, murais, roteiros, accións virais nas redes sociais, actividades gastronómicas, sucederanse ao longo deste mes polos recunchos do país, organizadas por centros educativos, **asociacións** culturais, feministas e veciñais.



Froito deste carácter emblemático da figura de Rosalía, considerada polo profesor Fernando Pereira, estudoso da iconografía rosaliana, como “a primeira marca galega” e a “imaxe máis universalizada de Galicia”, foi neste 180 aniversario do seu nacemento a escollo do nome de Rosalía de Castro para nomear o aeroporto de Lavacolla. Unha proposta nacida do goberno municipal de Santiago, apoiada pola Xunta de Galicia e aprobada polo Ministerio de Fomento. Como tamén é outra magnífica noticia que a aeroliña Norwegian, considerada como unha das compañías de baixo custe punteiras en Europa, acordase pór o nome de Rosalía de Castro a un dos seus avións e decorar a súa cola coa súa imaxe, tirada do debuxo que Antonio Portela preparara en 1902 a partir da fotografía que Luis Sellier fixera á autora. Unha excelente iniciativa de Norwegian Air Shuttle ASA, que xa ten 85 avións dedicados a outras persoas de relevancia, entre as que están Miguel de Cervantes, Clara Campoamor ou a poeta Gloria Fuertes. Mágoa que no caso de Rosalía de Castro non apareza polo momento anunciada pola compañía escandinava coa denominación de “Galician Author”, como mellor lle acaería.

Aniversario o deste 2017 que coincidirá, ademais, co centenario da instalación do monumento pétreo a Rosalía de Castro na Alameda de Santiago de Compostela, inaugurado cun cortexo cívico o 30 de xullo de 1917. Estatua dunha Rosalía pensativa, feita por Isidro de Benito e Francisco Cliviles, cuxo custe de 30.000 pesetas foi sufragado con achegas individuais e colectivas, onde foron moi significativas as doazóns de comunidades galegas emigrantes de Buenos Aires, a Habana, México ou Madrid. Monumento compostelá que formou parte esencial daquela pelerinaxe rosaliana do 25 de xullo de 1951 polas terras de Iria e Ortoño, na que en tempos difíciles participaron un bo fado de galeguistas e un cento de persoas anónimas, recollida nunha película documental dirixida por Antón Beiras García e cuxo guión preparou o poeta Celso Emilio Ferreiro. Un monumento diante do que interviron aquel día Ramón Cabanillas e Ramón Otero Pedrayo, que con afouteza fixo unha referencia pública ao pasamento de Castelao.

Como é adoito, a **Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)** propón á cidadanía que ese día agasalle un libro e unha flor e solicita aos concellos que declaren o 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro, como xa fixeron até agora medio cento de concellos, entre eles o de Vigo, e as deputacións de Lugo e da Coruña, ao tempo que recollan esta celebración nas súas programacións culturais. Ademais de propoñer ás comunidades educativas que se impliquen na celebración por medio de actividades de difusión colectiva da obra rosaliana, entre as que destaca este ano a gravación dun Mannequin Challenge cuxos vídeos serán compartidos na rede coa etiqueta **#RosalíaTe**.

A Fundación Rosalía de Castro, presidida polo incansable Anxo Angueira, ademais das iniciativas e exposicións que promove este ano, entre as que destaca a edición dunha nova revista de estudos rosalianos dirixida por Xosé Luis

Axeitos e unha colaboración coa **asociación** puntogal para promover o uso do dominio galego de internet, continuará coa celebración gastronómica amical de compartir o 24 de febreiro un “Caldo de gloria”, utilizando a receita do bolo do pote que a propia Rosalía dá en “Follas novas”: “Con un pouco de unto vello / que o ben soupén aforrar / e ca fariniña munda / xa tiña para cear. / Fixen un caldo de gloria / que me soupo que la mar / fixen un bolo do pote / que era cousa de envidiar”.

Iniciativas todas que demostran o feito de que Rosalía continúa sempre viva e constitúe un capital simbólico decisivo para o país de noso. Rosalía interesa a xeracións diversas e, por ventura, a sociedade galega atopa na súa figura moral un punto de encontro e de autoestima. Aproveitémolo. Rosalía une, proxecta e mobiliza a galegos e galegas este mes de febreiro.